

Que está a pasar no cole...

Este ano o CPI ATIOS participamos por primeira vez no **PROXECTO VOZ NATURA**, así é que neste trimestre aprendimos tanto do **BOSQUE ATLÁNTICO** e das froitas das que dispoñemos na nosa comarca. Por iso o último venres de cada mes no recreo temos a sorte de disfrutar de postres feitos con figos, noces, castañas e tamén de perfumes ...(grazas a colaboración das cociñeiras e dos profes e profas que participan neste proxecto)

- ➔ Recordas cales son as características do BOSQUE ATLÁNTICO?
- ➔ Que Fragas temos cerca protexidas e que teñen especies que non hai en toda Europa? Investigao coa túa familia. Ata poderías dar un paseo por elas do perto que están! Cal é o seu nome?

CONTRA O MALTRATO, DENUNCIA!!!

O 25 de novembro celebramos o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero. Este ano o lema foi "Contra o maltrato, denuncia". Na bibliotecas tes libros para todas as idades contra a violencia de xénero: **Oliver Button es un nena, Mamá estás despedida, La princesa que no quería comer perdices...**pero se tamén queres ver algún video na rede podes ir a estas páxinas:

-Rosa Caramelo: <http://youtu.be/4---s7ZNHp0>
-El príncipe ceniciento: <http://youtu.be/BnGu8KxSfGM>
-Igualdad de género: <http://youtu.be/iax2W9gAfK0>
-No seas tan hombre: http://youtu.be/UBA_VTaQc28

Se queres tes máis videos contra o maltrato nos ordenadores da biblioteca.

Ollo!!! Usa Internet avisando aos teus pais do que estás a ver na rede e nunca deixes nela os teus datos personais.

Sabías que ...

O BUBISHER é o paxaro da sorte do pobo saharauí. Seguro que moitas veces tes visto nenos e nenas saharauís que pasan o verán na nosa terra con familias galegas que os acollen durante tres meses. Pois ben, debido a unha invasión do seu país, os saharauís viven, dende o ano 1975 no deserto doutro país chamado Argelia, nunhas condicións moi duras xa que alí non hai auga, viven en tendas de campaña e as temperaturas son insoportablemente extremas.



As bibliotecas escolares galegas, e entre elas a do CPI Atios, colabora no proxecto BUBISHER, que consiste nun bibliobus que vai polos distintos campamentos saharauís para que os nenos e nenas de alí poidan disfrutar da lectura casi como podedes vós. O CPI de Atios colabora co albume ilustrado **"Una melodía en la ciudad"**. O lema deste bibliobus é **"UN BESO, SOLAMENTE UN BESO SEPARA LA BOCA DE ÁFRICA DE LOS LABIOS DE EUROPA"**(Liman Boisha). Se queres unirse coa túa familia ou simplemente queres saber máis deste proxecto visita a páxina: <http://www.bubisher.com/>

- ➔ Busca nun mapa ou en Internet onde está o Sáhara Occidental e os campamentos dos refuxiados saharauís. Sorprenderaste do cerca que vivimos.
- ➔ Sabías que antigamente o Sáhara foi unha colonia española? Busca o que significa "Colonia dun país" e pensa se coñeces algunhas que todavía queden en España

Suxestións


Axúdanos a mellora-la Biblioteca. Se coñeces algún libro, CD, vídeo, etc. que consideras interesante, enche a seguinte ficha, corta pola liña de puntos e déixaa no buzón de suxestións. ¡Trataremos de mercalo! (non tes por que cubrir o nome se non queres)

✂-----
Nome e apelidos: _____ Curso: _____
Título: _____
Autor: _____ Editorial: _____
Observacións: _____

BIBLIOTECA DO CPI ATIOS - VALDOVIÑO BOLETÍN DECEMBRO 2011

Ola, son Pelusa, e este trimestre estiven a durmir e bastante aburrida na Biblioteca. Aínda que houbo bastante barullo a vós vinvos ben pouco. Como xa sabedes a biblia estivo a ser remodelada, pero imos empezar o segundo trimestre cunha biblia transformada para que vos mesmos poidades localizar os libros, consultar páxinas en Internet e moitas cousas máis. Así pois, tede paciencia porque logo ha de estar todo a andar outra vez aínda que de forma un pouco diferente. Como xa escomeza de novo o Nadal

quero animarvos a que non deixedes de ler e facer cousas cos libros. Así, como cada trimestre, ímosvos contar algunhas cousiñas e tamén recomendarvos algúns agasallos para pedir nestas festas



Coñecendo a...

SPELA TROBEC

Vainos vir visitar ás aulas dos máis peques a ilustradora Spela Trobec.



Esta ilustradora eslovena pero afincada en Ferrol, anima cos seus debuxos algúns libros de contos tales como:

Vestida de Arco Iris de Antón Cortizas Ed: Embora

O país dos mandóns de Paloma Rodríguez e

Cristina Justo Ed: Embora

A princesa de Taramundi (poemas para ser lidos aos máis pequenos) de Xoán Babarro González Ed: Embora

Por si che apetece ler...iUnha mostra!

AZUIS

PALOMA RODRÍGUEZ E CRISTINA JUSTO

O SEGREDO DE FLORA

Ed.: Embora



Flora ten un problema: góstatlle pegar e cando lle pasa iso saénlle formigas, pero esas formigas teñen unha forma moi pouco adecuada de saír. Averigua a maneira na que Flora consegue que esas formigas afloren de forma correcta.

Ilustrado por Espela Trobec este libro fala de como canalizar os nosos sentimentos máis negativos. Para nenos e nenas pero tamén da unha lección ao mundo adulto.

OUTROS: “ARCO DA LÚA” de Txabi Arnal e Susana Widman (sobre a aceptación de nós mesmos), “CROCODILO NAMORADO” de Daniela Kulot (sobre a tolerancia), “UN PAPÁ A LA MEDIDA” de Davide Calí e Anna Laura Cantone (aceptación de nós mesmos)

VERMELLOS

LUIS SEIXIDO

O capitán Zochusmán



Ed: Sotelo Blanco

Esta é a historia de como se crea un superheroe pero na vida cotiá da escola. Toñín é un superheroe divertidísimo que ten sete anos e vive a súa propia aventura xunto a un cadelo prestado chamado Chuski, e unha moza chamada Cristina.

OUTROS “ESMERALDA” de Sara Rojo, (cómic) “QUERIDO HIJO ESTÁS DESPEDIDO” de Jordi Sierra i Fabra (a importancia do que nos rodea), “AS VIDAS DE GALILEO” de Fiami.ch (historia en cómic)

VERDES



ANXO FARIÑA

A CHAVE DA ATLÁNTIDA

Ed: Xerais

Premio Merlín 2011. Dende as Illas Cíes parece que se pode acceder a Atlántida. Eva e o seu tío Fran tratarán de localizar unha civilización en estado de hibernación. Non deixes de lelo se che gustaron as aventuras dos Megatoxos.

OUTROS: “ÁFRICA, PEQUEÑO CHAKA...” de Marie Sellier e Marion Lesage (lenda africana con fermosas ilustracións), “MIL COUSAS PODEN PASAR II” de Jacobo Frdez Serrano, “NA CERNA DA SELVA” de Pere Tobaruela (sobre a crueldade e a beleza de África e os últimos gorilas)

AMARELOS

TERESA GONZÁLEZ COSTA

A FILLA DO LADRÓN DE BICICLETAS

Ed.: Xerais

Premio Merlín 2010. A protagonista é filla dun ladrón de bicicletas e a súa máxima aspiración é converterse en equilibrista nun circo xunto coa súa bicicleta, a pesar das dificultades que lle ocasiona a panda de Martín O Bravo. Perfecta combinación de tenrura e humor, chea de diálogos moi ben construídos que enfoca a vocación artística fuxindo da competitividade e o materialismo.



OUTROS: “MARTA ANTE O ESPELLO” de Teresa Calo Fontán (sobre a anorexia), “A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO” de Marilar Aleixandre (baseada na historia real da última expedición ao Pacífico), “VÍA SECUNDARIA” de An Alfaya (un atopelo nun día de chuvia onde se mesturan varios personaxes de vida sombría), “FEBRE” de Héctor Carré (premio Fundación Nova Caixa Galicia 2011).

Algunhas páxinas web...

Aquí van algunhas suxestións que che poden interesar na web:

- <http://www.poemitas.com/>

Se che gustan os poemas e relatos cortos con un toque de humor esta é a túa revista de literatura. Ten audio para discapacitación visual.

- <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/recursos/>

Aquí podes atopar xogos e material educativo relacionado con calquer asinatura e tamén para calquer ciclo.

- <http://www.peligrodeextincion.com.ar/videos-de-animales/> Páxina arxentina onde podes ver vídeos e aprender sobre animais, plantas e hábitats en perigo de extinción.

Revistas

Xa tes no cole dúas revista novas “**OKAPI**” e “**REPORTERO DOC**”. Poderás dispoñer delas na biblioteca e atoparalas no expositor.

Non dubides en suxerirnos ideas para novo material!

E por último algo de cine...

- “**Pánico en la granja**”. Peli en animación onde os “protas” son Indio, cowboy e Caballo, tres xoguetes que vivirán mil aventuras. Pronto na Biblio!!!

- “**Tintin e o segredo do unicornio**”: Aparecen as aventuras de Tintin en 3D.

- “**Copito de Nieve**”: Animación en 3D que se inspira no único gorila do mundo albino.

Xa ves que hai moito que facer nestas vacacións!

Boas Lecturas e Bo Nadal !!!!

